CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS: Bases reguladoras e convocatoria da subvención municipal dirixida a entidades deportivas do Concello de Sada para o ano 2026.

ANTECEDENTES

1. Na sesión extraordinaria e urxente do 19.08.2025 o Pleno municipal acordou a última modificación do Plan Estratéxico de Subvencións municipais para o período 2024-2026, que conta cunha liña de subvencións 4.2 denominada "Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada".
2. A Concellería de Deporte, Educación e Xuventude presentou a proposta de bases para regular especificamente a convocatoria das subvencións municipais para entidades deportivas para o ano 2026.
3. Consta no expediente certificado de existencia de crédito con referencia 22026003180 na aplicación orzamentaria 341.48000 por un importe de 88.000,00 euros.
4. Con data do 05.11.2026 emitiuse un informe xurídico da Secretaría Accidental informando favorablemente o expediente relativo ás "*Subvencións municipais dirixidas a entidades deportivas do Concello de Sada para o ano 2026*".
5. Con data do 23.10.2026 emitiuse un informe de fiscalización previa que conclúe fiscalizar de conformidade o expediente pero coas seguintes observacións:

   - *O artigo 17.3.g) da LXS e 14 1 f) da LSG prevén que as bases recollan os órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento. No apartado 10.4 das bases, parágrafos 1 e 4 e no apartado 17 deberá concretarse o órgano competente*.
   - *No apartado 1.5 das bases establécese que as axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos e recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado. No apartado c do anexo III prevese a declaración da percepción de axudas públicas ou privadas. A interpretación conxunta destes preceptos integrada coa normativa reguladora das subvencións, debe realizarse no sentido de que os beneficiarios deberán comunicar calquera subvención, axuda ou ingreso que perciban de xeito específico para as actividades subvencionadas*.
   - *Deberá aprobarse a correspondente convocatoria polo órgano competente. Ao prever a incorporación das bases reguladoras específicas no propio texto da convocatoria, verificouse que estas conteñen os aspectos e determinacións mínimas exixidas pola normativa vixente aplicable ás convocatorias de subvencións. Non obstante, para que a convocatoria teña plena eficacia, esta —coas bases propostas integradas— deberá ser aprobada polo órgano competente específico para as actividades subvencionadas*.
   - *Sen prexuízo do carácter específico das bases propostas e a limitación dos seus efectos ao presente exercicio cabe informar que, tendo en conta que estas subvencións veñen reiterándose anualmente, por economía procesual e seguridade xurídica procede, consonte o artigo 17.2 da LGS aprobar bases reguladoras estables no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións*.

De conformidade coas observacións da fiscalización previa, por medio desta proposta preténdese aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de forma conxunta, atendendo á especificidade das bases reguladoras e de conformidade co disposto no artigo 23.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

En resposta ao indicado na fiscalización, o artigo 1.5 das bases reguladoras e o apartado c) do ANEXO III modifícanse para que quede claro o sentido de interpretación apuntado. A indicación dos órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento incorpórase na redacción das bases reguladoras recollida no ANEXO I.

Dado que a ordenanza municipal de subvencións está en fase de tramitación sen que exista unha previsión de prazo que permita esperar a súa aprobación antes de que finalice o presente exercicio económico, tendo en conta a vontade do Goberno Municipal de fomentar e promover a actividade deportiva consonte ao planificado no vixente Plan Estratéxico Municipal, proponse aprobar unhas bases reguladoras con carácter específico para a presente convocatoria 2026, sen estender efectos fóra da mesma.

A alcaldía decide avocar a competencia, delegada na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto núm. 1221/2023, de data 23.06.2023, xa que o importe total a autorizar supera os 12.000 euros. O motivo da avocación reside na necesidade de aprobar a convocatoria e publicar as bases reguladoras para que avance o procedemento a fin de cumprir coas finalidades da subvención, conforme o planificado no Plan Estratéxico de subvencións, tendo en conta que se están a esgotar o período para realizar as actividades subvencionables e o exercicio económico no que se debe resolver a concesión das axudas. É vontade de todo o equipo de goberno aprobar a convocatoria, polo que agardar a unha nova sesión da Xunta de Goberno suporía unha demora que podería complicar a finalización dos trámites de concesión no exercicio económico vixente, impedindo a consecución dos obxectivos previstos e prexudicando a sostibilidade da actividade de promoción deportiva que realizan as entidades deportivas municipais.

Por todo o que antecede, esta alcaldía,

RESOLVE

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas na XGL segundo o previsto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, polos motivos expostos.

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras específicas da Subvención dirixida a entidades deportivas do Concello de Sada para organización de actividades deportivas para o ano 2026, co texto que figura no ANEXO I deste acordo.

Terceiro.- Publicar as bases reguladoras no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal e no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto.- Aprobar a convocatoria da liña de subvencións LS 4.2 do PES 2024-2026, denominada “Subvención dirixida a entidades deportivas do Concello de Sada”, con carácter específico para o ano 2026 e rexida polas bases reguladoras que figuran no ANEXO I, así como aprobar o gasto por importe de 88.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000 do Orzamento Municipal. O contido da convocatoria recóllese no ANEXO II.

Quinto.- Remitir estes acordos así como o extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto.- Esta resolución pon fin á vía administrativa de conformidade co artigo 114.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, polo que contra ela poderase

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante as Seccións do contencioso-administrativo dos Tribunais de Instancia de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación da resolución. De optar polo recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou ata que se produza a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, poderase exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO I: BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2026

A Concellería de Deporte do Concello de Sada ten presente que a promoción do deporte ten un interese social transversal grazas ao seu impacto positivo sobre múltiples dimensións da vida comunitaria como a protección da saúde pública, a educación, o fomento da cohesión social ou o desenvolvemento e respecto do medio ambiente, tal como se recolle na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. O artigo 8 desta lei indica competencias que as administracións locais deberán desenvolver no seu ámbito territorial, entre as que se atopan o fomento e apoio ás asociacións deportivas municipais, a procura da participación das asociacións deportivas no mantemento na optimización do uso das instalacións deportivas municipais ou a organización de campionatos e eventos deportivos de carácter local.

A Lei do deporte de Galicia tamén sinala que as administracións públicas galegas, no ámbito das súas competencias, promoverán a práctica da actividade física e deportiva entre os sectores sociais máis vulnerables, así como entre a poboación con algunha discapacidade.

Ademais disto, organismos internacionais como a OMX, a OCDE ou recentes estudos sobre envellecemento activo, sinalan que a práctica regular de actividade física reduce significativamente o risco de padecer enfermidades, mentres que a inactividade representa para a OMS un dos factores de risco de mortalidade prematura máis relevantes.

O deporte funciona como un instrumento de integración e convivencia, facilita a participación de sectores sociais vulnerables e promove a integración e a igualdade de oportunidades.

É por razóns como estas que o Concello de Sada pretende convocar a subvención municipal para entidades deportivas, incluída na liña 4.2 do Plan Estratéxico de Subvencións, destinando fondos públicos para fomentar a labor de entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividade deportiva real e continuada no municipio. O obxectivo é o de fomentar o desenvolvemento de proxectos deportivos con impacto positivo sobre o conxunto da poboación municipal, aportando recursos para promover hábitos de vida saudables e para favorecer a práctica deportiva frecuente entre a veciñanza.

Esta convocatoria publicarase despois do mes de setembro co período subvencionable xa finalizado (tempada deportiva 2025/2026).

DISPOSICIÓNS XERAIS E REQUISITOS

1. **Obxecto, finalidade e financiamento**

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

1.1. ***Obxecto:*** estas bases específicas regulan a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, consonte o artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. O obxectivo destas axudas é apoiar ás entidades deportivas locais para o desenvolvemento de actividades de promoción deportiva e competicións federadas.

1.2. ***Finalidades:***

- Promover a práctica da actividade física e o deporte saudable entre a veciñanza de Sada.
- Apoiar e desenvolver actividades, probas e eventos deportivos no termo municipal.
- Fomentar a práctica de deporte federado en xeral, fortalecer o deporte de base, contribuír á consolidación da práctica deportiva na poboación feminina e á implantación do deporte inclusivo.

1.3. ***Financiamento e contía:*** o Concello de Sada financia estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000, cun orzamento total de 88.000 € para o ano 2026.

1.4. ***Período subvencionable:*** o período de execución das actividades e da realización de gastos comprende dende o 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026 (tempada deportiva 2025/2026). En cambio, o período para o pago efectivo dos gastos realizados o período amplíase nun mes, para dar marxe aos trámites de pago de gastos efectuados ao final do período subvencionable. Polo tanto, os gastos subvencionables deberán estar efectivamente pagados entre o 1 de setembro de 2025 e o 30 de setembro de 2026.

1.5. ***Compatibilidade con outras subvencións:*** esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos públicos ou privados para a mesma finalidade, pero o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia cos outros ingresos, en ningún caso poderá ser superior ao gasto total da actividade subvencionada, de acordo co artigo 19.3 da LXS.

A interpretación conxunta destes preceptos integrada coa normativa reguladora das subvencións, debe realizarse no sentido de que os beneficiarios deberán comunicar calquera subvención, axuda ou ingreso que perciban de xeito específico para as actividades subvencionadas. No caso de detectar que a suma de axudas supere o custo do total da actividade reducirase o importe da axuda municipal ata o límite máximo permitido.

2. *Réxime xurídico aplicable*

Esta convocatoria réxese polas seguintes normas:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- De forma supletoria, o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, naqueles aspectos técnicos que resulten compatibles coa autonomía municipal e non contradigan a normativa estatal básica.
- Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Sada (PES 2024/2026).
- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Sada e Ordenanza Municipal de administración electrónica.

3. ***Requisitos das entidades solicitantes***

Poderán optar a estas axudas as entidades deportivas que cumpran os seguintes requisitos no momento de presentar a solicitude:

3.1. *Requisitos xerais:*

- Estar legalmente constituídas, inscritas e en situación de alta no Rexistro Municipal de Asociacións de Sada e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Ter o domicilio social no termo municipal de Sada.
- Carecer de ánimo de lucro e ter como obxecto social a promoción deportiva ou a competición oficial.
- Ter xustificadas correctamente as axudas concedidas para o mesmo fin na convocatoria anterior (2025).
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Sada.
- Non estar incursas en ningunha das prohibicións do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Consulta automática: poderán ser obxecto de consulta automática os seguintes datos:

- Certificados de estar ao corrente no pago de obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa facenda municipal e coa Seguridade Social.
- Situación de “alta” no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Situación de “alta” no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

As entidades solicitantes poderán autorizar ou rexeitar a consulta automática nos anexos de solicitude. No caso de rexeitar deberán achegar os certificados correspondentes xunto coa documentación de solicitude.

3.2. *Requisitos específicos:*

Ter realizado durante a tempada 2025/2026 un programa de accións e actividades de promoción deportiva directamente relacionado cos fins da subvención.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

4. ***Gastos subvencionables***

Estas axudas destínanse exclusivamente a gastos correntes derivados da organización e participación en actividades deportivas durante o período subvencionable.

Non serán subvencionables os investimentos nin os gastos de capital.

4.1. ***Gastos admitidos:***

- Inscricións e gastos de participación en competicións oficiais, campionatos, copas ou ligas.
- Gastos de persoal.
- Arbitraxes de competicións oficiais.
- Seguros de responsabilidade civil e de accidentes para os participantes.
- Licenzas deportivas, gastos federativos e gastos de mutualidades deportivas.
- Servizos médicos e de fisioterapia.
- Outros servizos relacionados coa organización de actividades deportivas.
- Imprenta, cartelería, programas de difusión e serigrafía de roupa deportiva.
- Trofeos e medallas para eventos organizados pola entidade.
- Alugueiro de instalacións deportivas e gastos correntes de oficina (luz, auga, teléfono, consumibles).
- Gastos de transporte, aloxamento e dietas para desprazamentos vinculados directamente coas competicións oficiais.
- Cursos de formación para adestradores e persoal técnico do club.
- Gastos subvencionables de importe superior aos 15.000,00 euros (IVE excluído): de conformidade co artigo 31.3 da LXS, cando o importe dun gasto subvencionable supere a contía dos 15.000,00 euros (IVE excluído) para contratar subministracións ou servizos, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo, agás que pola especialidade do gasto non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten ou salvo que o gasto xa estivese realizado con anterioridade á convocatoria da subvención. A elección entre as ofertas recibidas seguirá criterios de eficiencia e economía, debendo xustificar expresamente nunha memoria cando a contratación non recaia na oferta económica máis vantaxosa.

SOBRE O PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE E DE VALORACIÓN

5. **Prazo e forma de presentación das solicitudes**

5.1. **Prazo:** o prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles. Este prazo comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

5.2. **Forma de presentación:** as entidades deben presentar as solicitudes obrigatoriamente por vía electrónica, de conformidade co artigo 14 da LPACAP. Para facelo empregarán o formulario normalizado «Solicitude de subvencións municipais», dispoñible na sede electrónica do Concello de Sada (sede.sada.gal), dentro do procedemento de «Subvencións, axudas e premios».

Os anexos específicos desta convocatoria estarán dispoñibles para descarga na sección de subvencións

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

deportivas da páxina web municipal (***www.sada.gal***), xunto coa restante información relacionada.

A solicitude irá acompañada da documentación e anexos segundo se describe na base reguladora 6. A documentación xustificativa regúlase na base 12.

Todos os trámites administrativos posteriores deberán realizarse tamén de forma electrónica, accedendo ao formulario de «Achega de documentación complementaria» do procedemento de «Subvencións, axudas e premios» na sede electrónica municipal.

6. Documentación que se debe presentar coa solicitude

As entidades deben achegar a seguinte documentación (orixinal ou copia autenticada):

6.1. Documentación xeral:

- **Anexo I:** memoria de actividades realizadas ou proxecto deportivo desenvolvido polo club, asinado pola representación legal.
- **Anexo II:** certificado do acordo da Xunta Directiva e declaración responsable de cumprir os requisitos legais.
- **Anexo III:** relación clasificada de gastos e ingresos (Memoria económica).
- Calendario oficial de competicións da tempada 2025/2026.
- Certificación da federación deportiva correspondente que acredite o número de licenzas, categorías, sexos e participación en ligas.

7. Emenda de solicitudes e forma de notificación

- **Requirimentos de emenda**: se a solicitude ou os documentos xustificativos presentados contivesen erros ou carencias, o órgano instrutor requirirá ás entidades solicitantes para que emenden os defectos atopados. Concederase un prazo de **10 días hábiles** (artigo 68 de o Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) para emendar os defectos. De non facelo, entenderase que a entidade desiste da súa petición, cuestión que se recollerá mediante resolución expresa.
- **Notificación de actos administrativos**: os requirimentos de emenda, as resolucións de concesión provisional e definitiva, así como a resolución de concesión e a resolución de liquidación e pago dos importes de axuda **publicaranse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica (sede.sada.gal)** e no portal de subvencións aloxado na web municipal (sada.gal). A publicación no Taboleiro de Anuncios producirá os efectos de notificación consonte o artigo 45.1.b) da LPACAP.

8. Criterios de baremación e determinación das contías

A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes sobre un máximo de **80 puntos**. As entidades deben obter un mínimo de 8 puntos para acceder á subvención.

8.1. Número de licenzas deportivas en activo (Máximo 30 puntos):

NÚMERO DE LICENZAS EN ACTIVO	PUNTUACIÓN
Ata 40	4

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

De 41 a 70	10
De 71 a 100	15
De 101 a 150	20
De 151 a 200	25
Máis de 200	30

Observacións: ***non se terán en conta as licenzas de día nin de bautismos. Inclúense as licenzas do persoal técnico e adestradores.*** *Acreditarase mediante certificado da federación deportiva correspondente relativo á tempada subvencionable.*

8.2. **Fomento do deporte de base (licenzas de menores de 18 anos) (Máximo 15 puntos):**

NÚMERO DE LICENZAS <18	PUNTUACIÓN
Ata 20	8
De 21 a 50	10
De 51 a 90	12
Máis de 90	15

Observacións: ***acreditarase mediante certificado da federación deportiva correspondente relativo á tempada subvencionable.***

8.3. **Grao de implantación do deporte feminino (Máximo 5 puntos):**

NÚMERO DE LICENZAS DEPORTISTAS FEMININAS (% sobre o total de licenzas da entidade)	PUNTUACIÓN
Menos do 5%	0
Do 5% e ata o 15%	1
Máis de 15% e ata 25%	2
Máis de 25% e ata 50%	3
Máis de 50% e ata 75%	4
Máis de 75%	5

Observacións: ***acreditarase mediante certificado da federación deportiva correspondente.***

8.4. **Deporte inclusivo (licenzas de persoas con diversidade funcional) (Máximo 4 puntos):**

NÚMERO DE LICENZAS DEPORTE ADAPTADO (% sobre o total de licenzas da entidade)	PUNTUACIÓN
Menos de 1%	0
De 1% e ata 2%	1
Máis de 2% e ata 3%	2
Máis de 3% e ata 4%	3
Máis de 4%	4

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

Observacións: ***acreditarase mediante certificado da federación deportiva correspondente.***

8.5. **Asentamento do club no Concello de Sada (Máximo 8 puntos):**

ANTIGÜIDADE DO CLUB	PUNTUACIÓN
Ata 5 anos	2
Máis de 5 e ata 10 anos	4
Máis de 10 e ata 15 anos	6
Máis de 15	8

Observacións: ***comprobarase automaticamente mediante consulta no Rexistro Municipal de Asociacións.***

8.6. **Nivel de competición ou participación en ligas (Máximo 18 puntos - Acumulativo):**

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTUACIÓN
Competicións, campionatos, copas ou ligas provinciais	2
Competicións, campionatos, copas ou ligas autonómicas	3
Competicións, campionatos, copas ou ligas nacionais	5
Competicións, campionatos, copas ou ligas internacionais	8

Observacións: ***a puntuación será*** *acumulativa* ***(máximo 18 puntos)*** **(2 puntos se conta con algún equipos ou deportistas participantes en competicións provinciais + 3 puntos se conta con participacións en competicións autonómicas + 5 puntos se conta con participacións en competicións nacionais + 8 puntos se presenta equipos ou deportistas da entidade que participasen en competicións internacionais).** ***Deberá presentarse certificación das federacións competentes sobre a participación do club nas ligas e categorías para a tempada subvencionable.***

8.7. **Cálculo da axuda:**

- O valor económico de cada punto obterase dividindo o orzamento total da convocatoria (88.000 €) entre a suma de puntos obtidos por todas as entidades que acaden o mínimo de 8 puntos.
- O importe individual de cada subvención será o resultado de multiplicar o valor do punto polos puntos obtidos pola entidade.
- De conformidade co establecido na base reguladora 1.5, o importe da axuda en conxunto cos restantes ingresos (públicos ou privados) recibidos en ningún caso poderá superar o 100% dos gastos reais das actividades subvencionables. O cálculo da axuda terá en conta este límite.
- No caso de que ao aplicar a fórmula proporcional o importe adxudicado a unha entidade supere o importe total do gasto declarado no seu ANEXO III, a contía da subvención axustarase estritamente ao importe do gasto declarado. O excedente xerado redistribuirase proporcionalmente entre as restantes entidades beneficiarias que non alcanzasen o teito do gasto declarado, realizando os axustes sucesivos que sexan necesarios ata esgotar o orzamento da convocatoria.

9. **Comisión de Valoración**

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

9.1. **Composición***:*

A Comisión de Valoración examinará e puntuará as solicitudes. Esta comisión estará composta por:

- **Presidencia:** o técnico ou técnica de deportes do Concello ou, no seu defecto, a técnica en animación sociocultural.
- **Vogais:** dúas vogais designadas entre o persoal técnico da área de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte; a técnica de rendas e exaccións ou, no seu defecto, outro persoal que designe a Intervención Municipal.
- **Secretaría:** un funcionario ou funcionaria municipal designado pola Alcaldía.

9.2. **Funcionamento***:* o Alcalde nomeará formalmente aos membros da Comisión. As persoas que compoñan a Comisión non poderán ter vinculación directa coas entidades solicitantes. A Comisión emitirá actas das súas reunións e recollerá o resultado da aplicación dos criterios de baremación e a proposta motivada cos importes de axuda correspondentes a cada entidade. As conclusións recollidas na acta fundamentarán a proposta de concesión que elevará o órgano instrutor.

SOBRE A INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN E PAGAMENTO

10. **Procedemento de instrución e resolución**

10.1. **Instrución**: a Concellería de Deportes será o órgano instrutor do procedemento. A través do persoal da área de Cultura, Educación, Deporte e Xuventude, designando ao Coordinador de actividades xuvenís para a instrución e ao Animador Sociocultural para a súa substitución en caso necesario. O órgano instrutor comprobará as solicitudes, verificará o cumprimento dos requisitos e requirirá as emendas que procedan para completar a documentación xeral de solicitude (base reguladora 6 e 7).

10.2. **Avaliación das solicitudes:** a Comisión de Valoración descrita na base 9 aplicará os criterios para determinar os importes de axuda que correspondan a cada solicitante, segundo a puntuación acadada.

10.3. **Proposta provisional**: o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada con base na información contida no expediente e segundo a acta doa Comisión de Valoración, elevándoa ao órgano competente para resolver. A Alcaldía será o órgano competente para resolver, sen prexuízo das posibles delegacións de competencias á Xunta de Goberno Local. A resolución provisional publicarase no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica, abrindo un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións ou para a súa aceptación. Transcorrido o prazo sen que se produza unha aceptación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

10.4. **Resolución definitiva**: transcorrido o prazo de alegacións e examinadas as mesmas, tras fiscalización previa da Intervención Municipal o órgano competente ditará a resolución de concesión definitiva, que se publicará no Taboleiro de Anuncios e será remitida á BDNS para o cumprimento das obrigas de publicidade establecidas.

A dita resolución aprobará o compromiso do gasto e ordenará o pagamento anticipado de oficio do 80% do importe da axuda concedida, de conformidade co artigo 34.4 da LXS e porá fin á vía administrativa. As entidades interesadas poderán interpoñer contra ela ben recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ben

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

directamente recurso contencioso-administrativo ante as Seccións do contencioso-administrativo dos Tribunais de Instancia de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación da resolución. De optar polo recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou ata que se produza a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, poderase exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

No exercicio da autonomía regulamentaria local e segundo o artigo 34.4 da LXS estarán exoneradas da obriga de constituír garantía as entidades beneficiarias cando o importe acumulado dos pagos anticipados non supere os 18.000,00 euros.

O 20% restante aboarase unha vez presentada a documentación xustificativa (base reguladora 12). O órgano instrutor emitirá un informe de comprobación da xustificación e á vista de dito informe e tras da fiscalización previa da Intervención Municipal, o órgano competente ditará a resolución de aprobación da xustificación e de aboamento dos importes restantes en cada caso.

Se a xustificación presentada fose inferior ao 100% do orzamento que fundamentou a concesión pero superior ao 80% xa anticipado, a liquidación axustarase proporcionalmente ao gasto real verificado, aboándose unicamente a parte pendente. Se o gasto correctamente xustificado fose inferior ao 80% xa percibido, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso percibido, xunto cos xuros de demora.

En todo caso, para que os anticipos poidan ser efectivos, as entidades beneficiarias deberán acreditar estar ao corrente das súas obrigas tributarias coas facendas estatal, autonómica e local, así como coa Seguridade Social, e non ser debedoras por resolución de procedemento de reintegro.

O prazo máximo para resolver será de **6 meses** dende a publicación da convocatoria, de conformidade co artigo 25.4 da LXS. Se o Concello non notifica a resolución nese prazo, as entidades entenderán desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

11. **Pagamento das subvencións**

O Concello de Sada pagará a subvención mediante transferencia bancaria á conta indicada pola entidade no Anexo I, anticipando ata o 80% dos importes recollidos na resolución de concesión. O pago dos importes restantes realizarase previa comprobación da **xustificación e do cumprimento das condicións previstas e do obxecto da convocatoria**. O importe da axuda axustarase ao importe correctamente xustificado.

O Concello non realizará os pagos se a entidade non está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En caso de detectarse incumprimento deste requisito o pago quedará suspendido ata que a beneficiaria presente certificado positivo de cumprimento de obrigas.

SOBRE A XUSTIFICACIÓN, PUBLICIDADE DA AXUDA RECIBIDA E INCUMPRIMENTOS

12. **Documentación xustificativa dos gastos e do seu pago**

O prazo para presentar a documentación xustificativa abrirase a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, con data límite do 30 de xaneiro de 2027. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido dará lugar á perda do dereito ao cobro do 20% restante e ao inicio do expediente de reintegro do

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

80% anticipado ou ben do importe que excedese sobre o gasto total realizado, xunto cos xuros de demora correspondentes.

A documentación xustificativa incluirá o seguinte:

- **Anexo III:** relación clasificada de gastos e ingresos, actualizada (Memoria económica).
- Xustificación do cumprimento da obriga de publicidade (regulada na base 14).
- Documentación que acredite os gastos recollidos no Anexo III, como as facturas (orixinais ou copias auténticas) emitidas a nome da entidade beneficiaria dentro do período subvencionable. Na seguinte táboa descríbense os tipos de gasto e documentos necesarios para acreditalos:

TIPOS DE GASTO:	FORMA DE ACREDITAR O GASTO REALIZADO:
Servizos e subministracións contratados	Factura. Se procedese, acompañarase de xustificante das retencións practicadas e ingresadas a prol da Axencia Tributaria (AEAT).
Gastos de persoal propio da entidade	Acreditarase cos seguintes documentos: • Nóminas + xustificante do pago. • Relación nominal de traballadores + xustificación dos correspondentes pagos á Seguridade Social. • Xustificación do pago das retencións do IRPF a favor da AEAT + declaración responsable de que se inclúen as retencións do persoal relacionado coas actividades subvencionables.
Gastos derivados de impartir relatorios ou conferencias	Folla de liquidación cos datos fiscais da persoa receptora + xustificante da retención e ingreso a prol da AEAT.
Indemnizacións por manutención ou gastos de locomoción	Folla de liquidación cos datos fiscais da persoa perceptora + descrición detallada do desprazamento realizado + facturas dos gastos en servizos de restauración e aloxamento.
Alugueiros	Contrato de alugueiro + recibos mensuais de pagamento + declaración-liquidación das retencións practicadas e do seu ingreso a prol da AEAT (no seu caso).
Mutualidades deportivas e gastos coas federacións deportivas	Certificados emitidos polas federacións ou polas Mutuas, nos que se indiquen os conceptos e as contías pagadas pola entidade.

- Documentación que acredite **o pago dos gastos** recollidos no Anexo III, como xustificantes bancarios de pago que identifiquen claramente o ordenante (a entidade), o receptor, o importe, o concepto e a data (pagos realizados entre o 1 de setembro de 2025 e o 30 de setembro de 2026 (ambos incluídos) . Na seguinte táboa descríbense as formas de pago e os documentos necesarios para acreditalos:

TÁBOA DE XUSTIFICACIÓN DE PAGOS		
FORMA DE PAGO	FORMA DE ACREDITAR O PAGO	DOCUMENTOS AOS QUE ACOMPAÑA

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

Transferencia bancaria ou domiciliación	Resgardo da transferencia ou domiciliación realizada, certificado orixinal emitido pola entidade bancaria ou ben extracto de movementos bancarios emitidos pola entidade bancaria si conta con todos os datos requiridos. **En todo caso calquera destes documentos debe especificar:** - O/a titular e o número de conta ao que se lle carga a transferencia. - O/a ordenante da transferencia. - A/o beneficiaria/o do pago, que debe coincidir con quen emite a factura. - O concepto polo que se realiza a transferencia. - O importe e a data da operación.	Factura correspondente.
Pago en TPV con tarxeta bancaria	Mesma xustificación que no caso anterior pero engadindo: - Certificado bancario que acredite a vinculación da tarxeta cunha conta bancaria de titularidade da entidade beneficiaria.	Factura correspondente.
Cheque nominativo	**Copia** do cheque emitido a nome do/a provedor/a xunto con **documento «recibín»** do provedor, que deberá incluír os seus datos e a súa firma e no que deberá constar a identificación da factura e o seu importe; e ademais: • Xustificante de cargo do cheque na conta corrente da entidade solicitante, no cal debe quedar claramente rexistrado o cheque cargado, identificando o número de referencia.	Factura correspondente. Documento «recibí». Xustificante do cargo na conta bancaria.
Pago en metálico (**importe máximo permitido: 150 euros**)	• Factura na que deben constar todos os datos. **A factura deberá estar asinada e selada polo provedor incluíndo**: - Datos identificativos da persoa/entidade cobradora (nome ou denominación, DNI/NIF) coa súa firma - Selo de empresa - Indicación do pago ao contado - Data do pagamento • Outra alternativa será a dun documento «recibín» emitido polo provedor, que deberá incluír os seus datos e a súa firma e no que deberá constar a identificación da factura e o seu importe.	Factura correspondente, asinada e selada.
Mutualidades e federacións deportivas	• Os certificados emitidos polas federacións ou polas Mutuas, nos que se indiquen os conceptos e as contías pagadas pola entidade, servirán para xustificar os pagos realizados.	Certificación emitida pola Federación ou a Mutua correspondente.

- ***Límite para pagos en metálico***: o Concello só admite un máximo de 150 € por gasto pagado en metálico. Para xustificalo, a entidade debe achegar a factura asinada e selada polo provedor co recibín, ou un documento equivalente.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

- ***Límite para o pago con tarxeta bancaria:*** para que sexan válidos será necesario presentar un certificado bancario que acredite a vinculación da tarxeta á conta bancaria de titularidade da entidade solicitante.

13. **Obrigas das entidades beneficiarias**

As entidades beneficiarias comprométense a:

- Realizar as actividades que fundamentan a concesión da axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro da Intervención Municipal e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Conservar todos os documentos xustificativos e facturas, os libros contables ou os documentos que poidan ser esixibles pola normativa que se aplique ás entidades beneficiarias, durante un prazo mínimo de 4 anos.
- Colaborar nas actuacións de comprobación que sexan necesarias para esclarecer a efectiva realización das actividades subvencionadas.
- Comunicar ao Concello de Sada a obtención de calquera outra axuda para a mesma finalidade nun prazo non superior a 10 días dende a súa concesión.

No caso de que se detecte un incumprimento parcial ou total dos requisitos e obrigas desta subvención poderán supoñer causa de sanción ou de reintegro, segundo corresponda, de conformidade co previsto no Titulo II da LXS e da LSG.

14. **Medidas de publicidade e a súa xustificación**

14.1. **Obrigas de publicidade**: as entidades beneficiarias deben dar publicidade da axuda municipal como mínimo dende o momento da notificación da resolución definitiva. Esta publicidade realizarase na páxina web, nas redes sociais, nos carteis de eventos e no equipamento deportivo do club. Deberá incluír de xeito visible o logotipo oficial do Concello de Sada e o texto: "Actividade subvencionada polo Concello de Sada. Importe concedido: [IMPORTE] €".

14.2. **Xustificación da publicidade**: a entidade xustificará o cumprimento desta obriga achegando probas gráficas (fotografías, capturas de pantalla ou ligazóns web), xunto coa documentación xustificativa regulada na base 12.

15. **Incumprimentos e criterios de gradación**

15.1. **Incumprimento total:** o incumprimento total das condicións, a non realización do proxecto ou a falta de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención.

15.2. **Incumprimento parcial e gradación proporcional:** se a entidade xustifica correctamente un importe de gasto inferior ao 100% do orzamento declarado que fundamentou a concesión, o importe da súa axuda reducirase proporcionalmente na liquidación final. Se este axuste resultase ser inferior ao importe do 80% xa percibido en concepto de anticipo, a beneficiaria estará obrigada a reintegrar o exceso, xunto cos xuros de demora que corresponda.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

15.3. O incumprimento da obriga de publicidade despois do prazo establecido na resolución definitiva causará unha redución automática dun 10% do importe da axuda concedida, previo requirimento de emenda cun prazo de 10 días hábiles**.**

16. **Protección de datos persoais:**

Os datos persoais que faciliten as entidades solicitantes (como nome de representante, DNI/NIE, IBAN, correo electrónico) serán tratados polo Concello de Sada como responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar o procedemento de concesión, de xustificación e de pago da subvención, de conformidade co artigo 8 da Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación tratamento e portabilidade ante o Concello de Sada (dpd@sada.gal), sen prexuízo da opción de reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

17. **Disposición final:**

Estas bases reguladoras entrarán en vigor unha vez aprobadas polo órgano competente e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen prexuízo da posterior publicación do extracto da convocatoria conforme ao artigo 17.3b) da LXS.

Sada, na data da sinatura dixital.
O Alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

ANEXOS PRÁCTICOS DE VALORACIÓN E SOLICITUDE

Estes anexos foron deseñados para que as entidades cubran os datos de xeito sinxelo, facilitando a comprensión das situacións a valorar pola Comisión de Valoración.

ANEXO I**: MEMORIA DE ACTIVIDADES E PROXECTO DEPORTIVO (TEMPADA 2025/2026)***
***Necesario cubrir todos os campos**

A. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

- **Nome ou Razón Social: _____**
- **NIF: _____ N° Rexistro Municipal de Asociacións: _____**
- **N° Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia: _____**
- **Domicilio Social en Sada: _____**
- **Teléfono: _____ Correo electrónico: _____**
- **IBAN da conta bancaria do club:** ES__ ____ ____ ____ ____ ____ ____ ____
- **Importe de axuda que solicita: _____ €**

B. DATOS DA PERSOA QUE OSTENTA A REPRESENTACIÓN LEGAL

- **Nome e Apelidos: _____**
- **DNI/NIE: _____ Cargo na entidade: _____**

C. DESCRICIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO (Describir as actividades para as que se solicita a subvención)

NIVEL PROVINCIAL			
Actividade/s:	Descrición breve e obxectivos	Datas de execución	N° estimado de participantes

NIVEL AUTONÓMICO			
Actividade/s:	Descrición breve e obxectivos	Datas de execución	N° estimado de participantes

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

NIVEL NACIONAL			
Actividade/s:	Descrición breve e obxectivos	Datas de execución	Nº estimado de participantes

NIVEL INTERNACIONAL			
Actividade/s:	Descrición breve e obxectivos	Datas de execución	Nº estimado de participantes

En Sada, na data da sinatura dixital.
Asinado: A persoa **representante legal** da entidade.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

ANEXO II**: CERTIFICADO DE ACORDO, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E AUTOCUALIFICACIÓN***
***Necesario cubrir todos os campos**

A. CERTIFICADO DO ACORDO DA SECRETARÍA

D./Dª _____, con NIF _____, en calidade de Secretario/a da entidade deportiva _____,
CERTIFICO: Que a Xunta Directiva desta entidade, na súa reunión do día / /_____, acordou solicitar ao Concello de Sada a subvención para entidades deportivas para o ano 2026, aceptando integramente as súas bases reguladoras. Así mesmo, acordou designar a D./Dª _____ con DNI _____ para realizar a tramitación electrónica en representación do club.

B. DECLARACIÓN RESPONSABLE DA REPRESENTACIÓN LEGAL

D./Dª _____, con NIF _____, como representante legal da entidade, **DECLARO RESPONSABLEMENTE** que o club:

1. Non está incurso en ningunha das prohibicións para obter subvencións públicas do artigo 13 da Lei 38/2003.
2. Atópase ao corrente de pago das súas obrigas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Sada.
3. Comprométese a destinar o importe íntegro da axuda á realización do proxecto deportivo presentado.
4. Non ten pendente de xustificación fóra de prazo ningunha outra subvención concedida polo Concello de Sada.

C. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA AUTOMÁTICA

- **Autorizo ao Concello de Sada a consultar de xeito automático os datos de cumprimento tributario e de obrigas con (riscar o que proceda):**

Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)	SI ○ NON ○
Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)	SI ○ NON ○
Seguridade Social	SI ○ NON ○

- Tamén se comprobará a situación de “alta” no Rexistro Municipal de Asociacións e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- **No caso de NON autorizar** a consulta a entidade comprométese a achegar os certificados correspondentes xunto coa solicitude.

D. FOLLA DE AUTOCUALIFICACIÓN (Para cubrir pola entidade)

Sinale os seguintes datos relacionados cos criterios da Base 8:

Criterio de valoración	Datos reais da entidade	Espazo para uso técnico (Concello)

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

8.1. Número de licenzas totais en activo	_____ licenzas	_____ ptos
8.2. Número de licenzas de menores de 18 anos en activo	_____ licenzas	_____ ptos
8.3. Número de licenzas de deportistas femininas	_____ licenzas	_____ ptos
8.4. Número de licenzas de deporte adaptado	_____ licenzas	_____ ptos
8.5. Antigüidade do club en Sada	_____ anos	_____ ptos
8.6. Nivel de competición no que compiten os seus deportistas (riscar as que proceda)	Provincial: SÍ / NON	_____ ptos
	Autonómico: SÍ / NON	
	Nacional: SÍ / NON	
	Internacional: SÍ / NON	
PUNTUACIÓN TOTAL ESTIMADA:		_____ ptos

En Sada, na data da sinatura dixital.
Asinado: **O/A Secretario/a** da entidade (co visto e prace **do/da Presidente/a**).

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

ANEXO III**: RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS (MEMORIA ECONÓMICA)***
***Necesario cubrir todos os campos. Solo se terán en conta para a xustificación aquelas facturas e xustificantes recollidos neste anexo.**

A. DATOS DA ENTIDADE

- **Nome da entidade: _____**
- **NIF: _____**

B. DATOS ORZAMENTARIOS

- **Total de gasto realizado tempada 2025/2026:**
- **Importe financiado con ingresos propios:**
- **Importe financiado con outras axudas públicas obtidas para o mesmo proxecto:**

C. RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS

As facturas deben estar ordenadas cronoloxicamente e corresponder ao período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.

Nº Orde	Nº Factura	Data Emisión	Provedor e CIF	Concepto do gasto **e actividade coa que se relaciona**	Importe Factura (€)	Data de Pago	Forma de Pago
1							
2							
3							
4							
5							
6							
7							
8							
IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO:					0,00 €		

C. DECLARACIÓN DE OUTRAS AXUDAS RECIBIDAS

A entidade declara que (*completar o que proceda*):

- o **NON** recibiu ningunha outra axuda ou ingreso público ou privado para financiar estes mesmos gastos.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

o **SÍ** recibiu outras axudas ou ingresos, públicos ou privados, especificamente para financiar estes mesmos gastos (indicar na seguinte táboa):

Entidade Concedente	Importe da axuda ou doutros ingresos públicos ou privados específicos para financiar a actividade (€)	Finalidade / actividade financiada

En Sada, na data da sinatura dixital.
Asinado: **O/A Tesoureiro/a** da entidade (co visto e prace **do/da Presidente/a**).

ANEXO II: CONTIDO DA CONVOCATORIA

- Bases reguladoras:

  Pola súa especificidade apróbanse conxuntamente coa convocatoria e publicaranse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal e no Boletín Oficial da Provincia.

- Créditos orzamentarios:

  Orzamento máximo de 88.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000 do Orzamento municipal.

- Obxecto, condicións e finalidade:

  A subvención para entidades deportivas do Concello de Sada ten como obxecto contribuír a manter e impulsar a actividade de promoción da práctica deportiva por parte das entidades deportivas municipais, fomentar a práctica do deporte federado en xeral, fortalecer o deporte de base, contribuír a consolidar a práctica deportiva entre a poboación feminina e a implantar o deporte inclusivo.

- Réxime de concesión:

  Esta subvención concederase segundo o réxime de concorrencia competitiva.

- Requisitos das solicitantes:

  Entidades deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións de Sada e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, con domicilio social no Concello de Sada, sen ánimo de lucro, con obxecto social relacionado coa promoción deportiva ou a competición oficial. Os requisitos descríbense na base reguladora 3.

- Órganos competentes para instruír e para resolver o procedemento:

  A instrución do procedemento descríbese na base reguladora 10, recaendo na Concellería de Deportes a

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/

CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
https://sede.sada.gal

través do persoal da área de Cultura, Educación, Deporte e Xuventude.

Na valoración das solicitudes intervirá o órgano colexiado que se describe na base reguladora 9.

O órgano competente para resolver será a Alcaldía ou ben a Xunta de Goberno Local en función das delegacións vixentes.

- Prazo de presentación de solicitudes:

  O prazo de solicitude abrirase o día seguinte ao da publicación no BOP do extracto da convocatoria, por conduto da BDNS. A base reguladora 5 establece un prazo de solicitude de 10 días hábiles.

- Prazo de resolución e notificación:

  O prazo de resolución será de 6 meses a contar dende o seguinte ao da publicación no BOP do extracto da convocatoria.

- Documentos que deben acompañar á solicitude:

  Descríbense en detalle na base reguladora 6, incluíndo 3 anexos e unha memoria descritiva das actividades realizadas.

  A documentación xustificativa descríbese na base reguladora 12, incluíndo a acreditación dos gastos realizados, os xustificantes do seu pagamento e a xustificación do requisito de publicidade. O prazo de xustificación ten como data límite o 30 de xaneiro de 2027.

- Posibilidade de reformulación:

  Nesta convocatoria non se habilita a opción de reformular as solicitudes.

- Criterios de valoración:

  Descríbense na base reguladora 8, valorando o número de licenzas deportivas en activo, o número de licenzas de menores de 18 anos, o grao de implantación do deporte feminino, a porcentaxe de licenzas de deporte adaptado e inclusivo, a antigüidade no Concello de Sada e o nivel das competicións nas que participou cada club durante a tempadas 2025/2026.

- Medio de notificación ou de publicación:

  As notificacións de emenda e as resolucións serán publicadas no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal, producindo os efectos de notificación consonte establece o artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- A resolución pola que se aproba a convocatoria pon fin á vía administrativa.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

CVD: Zjr7LwPZQDp4FcWTvDBb Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.sada.gal/